

# **ADENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO/NIVEL/CICLO:**

**EDUCACIÓN FÍSICA**

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**2º e 4º CURSO**

**CURSO 2022-2023**

## AVALIACIÓN

A *ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* establece que a *sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, [...] deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.*

Para adaptar a programación didáctica ás novas esixencias, o **terceiro** punto do título da **avaliación** quedaría redactado como segue:

### 3. *Avaliación final*

Realízase sempre ao remate do proceso de ensinanza e aprendizaxe, tendo como finalidade comprobar si se conseguiron, e en que grao, os obxectivos propostos.

Obterá unha avaliación positiva o alumno/a que teña aprobadas as tres avaliacións, sendo a súa cualificación o resultado de calcular a media aritmética desas notas antes de aplicarlle o redondeo. Unha vez obtida a cualificación final, procederase a facer o redondeo correspondente tendo en conta que se subirá a nota ao enteiro superior a partir das 5 décimas (unha media de 4,5 puntos ou máis decimais redondearase ao 5).

O alumnado que non estea en disposición de lograr unha avaliación final favorable, terá que facer unha proba final extraordinaria. Se a supera, calcularase a media aritmética entre a nota global do curso e a obtida nesta proba, obtendo deste xeito a súa cualificación final:

- se o resultado do cálculo é igual ou superior a 5 puntos, a cualificación final do alumno/a será o que corresponda despois de realizar o redondeo pertinente;
- se o resultado do cálculo é igual ou inferior a 4,49 puntos, a cualificación final será de 5 puntos.

A proba final de avaliación contemplará unha ou varias probas prácticas, así como unha proba escrita. O contido destas versará sobre o traballado durante o curso e será axustado ás necesidades individuais de cada alumno/a, centrándose unicamente nos criterios non conseguidos e que provocaron o suspenso.